



En aplicación do previsto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio emite o preceptivo informe de legalidade relativo ó ***Proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 pola que se regulan a subministración electrónica dos cartóns de bingo autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia e a presentación e o pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo do bingo.***

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o xogo do bingo é un dos regulados pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, do xogo de Galicia, aprobada en virtude das competencias establecidas no artigo 27.27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e está incluído no Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma aprobado por Decreto 116/1986, do 4 de xuño. No exercicio da potestade regulamentaria prevista no artigo 22 c) da Lei 14/1985, do 23 de outubro, a Xunta, por Decreto 181/2002, do 10 de maio, aprobou o Regulamento do xogo do bingo, modificado parcialmente polos Decretos 9/2007, do 25 de xaneiro e 113/2010, do 1 de xullo.

A competencia para aprobar o proxecto de orde examinado correspóndelle ao conselleiro de Facenda, de acordo co artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio foi a competente para a elaboración da norma. Segundo o previsto no artigo 16.2º.1) do Estatuto da Axencia Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, de 18 de outubro, a proposta normativa elaborouse pola dirección da axencia.

A Orde do 27 de xaneiro de 2014, pola que se regulan a subministración



electrónica dos cartóns de bingo autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia e a presentación e o pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo do bingo, estableceu que a base imponible se determinaría por termo xeral mediante determinación directa, para o que os suxeitos pasivos estaban obrigados a ter un sistema informático que rexistrara as operacións do xogo do bingo; ao mesmo tempo, a orde desenvolveu o método de estimación obxectiva da base imponible e estableceu a obriga de determinar a base imponible mediante estimación directa para todos aqueles suxeitos pasivos que tiveran un volume de xogo anual superior a 1 millón de euros. No entanto, para posibilitar a adaptación dos sistemas a estas prescricións dispúxose que a obriga de estimación directa non tería aplicación no ano 2014. Do mesmo xeito, e mediante sendas ordes da consellería de facenda se dispensou desta obriga no ano 2015 e no ano 2016.

Por outra banda, o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo (TRTC), establece no seu artigo 39, consonte coa modificación da Lei 12/2014, do 22 de decembro, a obriga de presentar unha declaración informativa comprensiva dos elementos que teñan relevancia para garantir a exactitude na determinación da base imponible, co fin de facilitar o debido control do cumprimento das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos dos tributos sobre o xogo, e, especialmente a integridade da base imponible, habilitando á consellería competente en materia de facenda para establecer os procedementos, a estrutura, o formato, os prazos e as condicións en que debe ser remitida a dita declaración informativa.

Cómpre adaptar as disposicións regulamentarias da orde actualmente vixente e revisar as especificacións técnicas do sistema informático que rexistre as operacións do xogo do bingo, actualizar os procedementos de declaración,



adaptándoos ao período impositivo anual e desenvolver regulamentariamente o disposto no artigo 39 do TRTC.

A orde contén dous únicos artigos: o primeiro establece as modificacións a introducir na Orde do 27 de xaneiro de 2014 e o segundo actualiza as referencias contidas na normativa que se viran afectadas pola reenumeración de seccións, artigos e anexos da orde. Ademais contén unha disposición derradeira e cinco anexos.

A orde prevé a súa entrada en vigor o día seguinte ao da súa publicación. Tamén establece que será de aplicación para tódolos feitos impoñibles gravados pola taxa fiscal sobre o xogo acaecidos dende o 1 de xaneiro de 2017

Esta regulación é adecuada para acadar a súa finalidade e resultan cumpridos os trámites necesarios para a súa aprobación, segundo o establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Desde o informe do Servizo Técnico-Xurídico da fase inicial, na elaboración da disposición de referencia cumpríronse os seguintes trámites:

- 1.- Resolución de aprobación inicial do proxecto normativo.
- 2.- Publicación no Portal de transparencia e Goberno aberto, na páxina web da Xunta de Galicia. Non se presentaron suxestións por esta canle.
- 3.- Trámite de audiencia á Asociación Abiga, que non presentou alegacións.
- 4.- Informe tecnolóxico funcional da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da AMTEGA.



5.- Informe económico-financieiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

6.- Informe da Asesoría Xurídica.

En consecuencia e de acordo co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio informa favorablemente o proxecto de orde de referencia, por estimar que queda garantida a súa legalidade, se ben deberá someterse ao ditame do Consello Consultivo de Galicia por ditarse en desenvolvemento dunha norma con rango de lei.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2016.

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

María del Socorro Martín Hierro.